



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.diaruna.es

D<sup>a</sup> Carmen Gómez Otero, Secretaria- Interventora do Concello de Frades (A Coruña),

### CERTIFICA:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o pasado venres 16 de xuño de 2017 acordou por unanimidade adoptar entre outros o seguinte acordo:

### “PROPOSTA ALCALDÍA Á XGL

#### 4.- ASUNTO: NOMEAMENTO PEÓN DE OBRA PÚBLICA <<PROGRAMA PARA A CONTRATACIÓN DE CUADRILLAS DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS. PIL 2017>>.-

O Alcalde- Presidente procede a dar lectura á proposta da Alcaldía co teor literal seguinte:

<<Vista a necesidade urxente de contratación de persoal laboral temporal praza Peón de Obra Pública (Programa para a contratación de cuadrillas de obras e servizos municipais. PIL 2017).

Visto o decreto nº 133/2017, polo que se aproba a selección de traballadores desempregados para o Programa (Programa para a contratación de cuadrillas de obras e servizos municipais. PIL 2017), co teor literal seguinte:

“ (...) **Descrición decreto: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE SELECCIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS-PROGRAMA DEPUTACIÓN**

**DON ROBERTO REY MARTÍNEZ**

**ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FRADES**

Visto o proceso selectivo seguido neste Concello ao abeiro da Subvención da Deputación da Coruña para a contratación de Traballadores desempregados en colaboración coas entidades Locais cunha duración de catro meses e unha xornada laboral de cinco horas e segundo as Bases para a provisión de prazas de carácter temporal aprobadas o 18 de abril de 2017.

E de conformidade coa acta asinada pola Comisión Avaliadora que o día 10 de maio procedeu á realización dun exame e a valoración dos demais criterios de selección contidos nas bases que rexen este proceso selectivo. **RESOLVO**

**PRIMEIRO:** Os aspirantes seleccionados para os diferentes postos de traballo son os que a continuación se relacionan:

**POSTO: Tractorista (Oferta 12-2017-3316)**  
**PROGRAMA PARA A CONTRATACIÓN DE CUADRILLAS DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS**

Manuel Castro Blanco

Suplentes:

José Carreira Codesido

Alberto Garea Quintela

**POSTO: Peóns Obras Públicas (Oferta 12-2017-3311)**  
**PROGRAMA PARA A CONTRATACIÓN DE CUADRILLAS DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS**



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: [correo@frades.dtoruna.es](mailto:correo@frades.dtoruna.es)

Tania María Troiteiro Díaz  
José Manuel Barreiro Del Rio  
José Luis Botana Botana  
José Luis Meijide Mata

Suplentes:

Andrés Novoa Suárez  
José Carreira Codesido  
José María García Brea  
Jaime Gayoso Alvite  
José Antonio Rodríguez Rey

Así mesmo, no caso de renuncia ao posto por algunha circunstancia, a orde de chamamento será de conformidade coa relación de suplentes que consta nesta Resolución, que estará exposta ao público para os efectos oportunos por un prazo de dez-días.

**SEGUNDO:** Dar traslado deste Decreto aos efectos oportunos.

**TERCEIRO:** Dar conta da presente Resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre. (...)

Logo de ver o escrito presentado neste Concello por Don José Luis Meijide Mata, con DNI nº 34896973Q, o 12 de xuño de 2017, no que renuncia ao posto de peón de obra pública para o cal foi seleccionado por Decreto da Alcaldía nº 133/2017 transcrito anteriormente por estar contratado dende o 1 de xuño de 2017 pola empresa Explotación Forestal Souto Carrillo (achégase copia do contrato de traballo),

Visto que por Decreto nº 133/2017 acordouse que “ (...) no caso de renuncia ao posto por algunha circunstancia, a orde de chamamento será de conformidade coa relación de suplentes que consta nesta Resolución, que estará exposta ao público para os efectos oportunos por un prazo de dez-días. (...)

Logo de ver canto antecede, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Nomear a Don Andrés Novoa Suárez, primeiro suplente, para o seguinte posto:

**POSTO: Peóns Obras Públicas (Oferta 12-2017-3311)**

**PROGRAMA PARA A CONTRATACIÓN DE CUADRILLAS DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS**

Condiciónase a formalización do contrato á presentación polo interesado de declaración xurada de non estar incuso en incompatibilidade para ser persoal da Administración Pública e non ter sido separada do servizo público e certificado médico oficial que acredite a súa capacidade para o desempeño do posto de traballo.

**SEGUNDO.-** Notificar persoalmente o presente decreto ao seleccionado indicado no apartado primeiro, así como publicar no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web este decreto aos efectos oportunos, e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite presentada a documentación requirida a alta do traballador na seguridade social e se asine e rexistre o contrato de traballo.>>





## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15606 - FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

**A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda aprobar a proposta da Alcaldía nos seus mesmos termos."**

E para que conste, aos efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º do Sr. Alcalde, coa salvedade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, expídese a presente en Frades, a , mércores 28 de xuño de 2017.

O Alcalde,  
Roberto Rey Martínez

A Secretaria  
Carmen Gómez Otero